

PLAN DE ACOLLIDA

CEIP PLURILINGÜE O RAMO

Barallobre(Fene)



Tendo en conta as instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, e co fin de facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectiva presencial durante o curso 2021/2022, o equipo directivo elaborou este **Programa de acollida** que será presentado ao Consello Escolar do centro e que se desenvolvera nas 2 primeiras semanas do curso, coa organización de actividades globalizadas que informen dos seguintes aspectos:

a) Novas normas de organización e funcionamento do centro. As normas de organización e funcionamento do centro poden ser consultadas no PLAN ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID-19 NO CURSO 2021-2022 e refírense aos seguintes puntos:

- Entradas, saídas e acceso ao centro por parte das familias.
- Alumnado transportado.
- Grupos estables de convivencia
- Tutorías coas familias.
- Reunións de órganos colexiados e equipos docentes.
- Medidas en relación coa ANPA.
- Uso de máscara no centro.
- Normas para a realización de eventos.

- Afors nas diferentes dependencias do centro.

- Recreos.

- Compromiso realización autoenquisa clínica. ★

b) Actuacións de prevención, hixiene e protección.

Queda igualmente recollido no PLAN ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID-19 NO CURSO 2021-2022 e pode ser consultado no mesmo, todo o referido a:

- Limpeza e desinfección do centro.

- Creación Equipo Covid.

- Determinación do espazo de illamento COVID.

- Medidas xerais de protección individual.

- Rexistro, inventariado e protocolo de compra e difusión do material de protección.

- Xestión de abrochos.

- Circulación dentro do centro.

- Espazos de uso compartido por varios grupos.

- Actuacións á entrada da aula, nos cambios de clase e nos baños.

- Ventilación de aulas.

- Establecemento de rutinas de limpeza de espazos de traballo e hixiene persoal.

c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado

necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.

- O equipo docente formarase naquelas actividades que dende a Consellería se estimen necesarias na Covid 19 así como en aqueles aspectos de aulas virtuais que faciliten a xestión educativa e pedagóxica no caso de formación semipresencial ou non presencial.

- Todo o profesorado do centro ten unha formación básica que lle permite empregar as aulas virtuais, como quedou amosado ao longo do curso 20/21.

- En calquera caso, o coordinador do equipo TICs con axuda do seu equipo será o responsable do traballo de mantemento da aula virtual (xestión da administración, páxina de inicio, creación de cursos e subida de información básica), que, a día de hoxe, xa está preparada. O resto de funcións (comunicación coa UAC, coa responsable Abalar de zona, divulgar accións de formación...) tamén forman parte das tarefas do equipo TICs.

- Nas diferentes titorías o profesorado prestará especial atención nas primeiras semanas do curso en formar ao alumnado no coñecemento da aula virtual e o seu funcionamento, así como os posibles programas e tipos de actividades que poden empregarse na mesma. Todo isto coa finalidade de que todo o alumnado conte con certa autonomía na utilización de todas estas ferramentas si se da o caso de ter que levar a cabo unha ensinanza non presencial.

d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión. Tal e como queda recollido no PE o obxectivo do noso centro é o de favorecer unha aprendizaxe integral do

alumnado, creando unha ambiente de convivencia positiva vertebrado na diversidade. A non discriminación no proceso educativo e o respecto ás diferenzas persoais a través dunha aprendizaxe manipulativa, constructiva e cooperativa son a base do noso cetnro.

Tendo todo isto en conta:

- Potenciarase unha educación eficaz e competencial en base a adquisición de hábitos saudables, e dinámicas de traballo cooperativo, que prepare ao alumnado para a participación activa na vida real no momento presente e futuro, dende unha perspectiva persoal, social, científica, humanística, histórica, artística, académica e profesional.

- Seguindo as instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2021/2022, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da Educación Infantil, da Educación Primaria, da Educación Secundaria Obrigatoria e do bacharelato, a metodoloxía de aula e a metodoloxía de traballo potenciarán tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a autoaprendizaxe, o pensamento crítico e creativo e a investigación mediante proxectos de traballo entre outras.

Por este motivo o alumnado traballará por grupos dentro do grupo estable para motivar ao alumnado cara ás aprendizaxes activas por medio de metodoloxías

innovadoras propias do noso PE como a aprendizaxe cooperativa e manipulativa.

